



Como se desenvolve MERCAars CONTRSTRUCTOR?

Fase de preparación: (tempo aproximado, quince días antes da xuntanza)

- Coñecemento dos obxectivos da actividade e das instrucións.
- Lectura das preguntas das cartas.
- Ollada aos álbumes que conteñen as imaxes.
- Audicións dos documentos sonoros.
- Revisión das ligazóns propostas.
- Discusión no foro de calquera tema relacionado.
- Envío de respostas e suxestións.

Fase presencial: (tempo aproximado, dúas horas, pode ser necesario unha segunda sesión)

- Reunirémonos na Biblioteca o alumnado participante co profesorado encargado da actividade. Data e hora publicadas no Foro.
- Habrá un panel onde estará reproducido o esqueleto do xogo e que se irá enchendo coas aportacións e decisións que nese momento se tomen.
- Estaremos conectados coa plataforma do curso-actividade, de forma que en calquera momento podamos proxectar na pantalla e ouvir calquera dos materiais iniciais e mesmo localizar na rede os suxeridos sobre a marcha.
- Mediante un dado regularase quen é o xuíz ou xuíza de entre o alumnado presente, polo tanto o número do dado indicará cantas persoas hai que saltar no círculo formado polo grupo participante, non casiñas. As persoas que xa actuaron como xuíces serán saltadas nas sucesivas xogadas.
- Todos os participantes poderán opinar e propor en calquera momento. A moderación de tempos e quendas será efectuada polos profesores.
- A decisión final sobre que elemento debe encher cada recadro do panel, determinación do seu valor, e selección da resposta correcta ás preguntas das cartas dependerá, tras ponderar as diferentes opinións, do alumno ou alumna que faga de xuíz ou xuíza segundo a tirada do dado.
- Cada elemento seleccionado ou o seu símbolo será imprimido nese momento e axuntado ao panel onde corresponda.
- Cada participante disporá de posit-it para ir engadindo preguntas ao grupo de cartas baleiras a medida que a dinámica da actividade lle xere ideas.
- Considerarase cumprida a tarefa cando estean cubertas todas as casiñas e todas as cuestións das cartas leven aparellada unha resposta de referencia.

Fase de avaliación:

- En días posteriores, na aula, @s participantes relatarán ao resto d@s compañeir@s a experiencia e amosarán o resultado da mesma. (O panel físico terá unha tradución dixital que facilite a súa divulgación).
- Nun prazo non superior a tres días desde o remate da fase presencial, cada estudante enviará á plataforma a ficha de valoración deseñada para esta actividade.